

ESTREA EN NUMAX: 21.02.2017 | V.O.S.E. | +12

Cinema Novo (2016, 92')

Dirección: Eryk Rocha

Guión: Eryk Rocha

Participación: Nelson Pereira dos Santos, Carlos Diegues, Joaquim Pedro de Andrade, Glauber Rocha, Leon Hirszman, Ruy Guerra

Son: Edson Secco

Montaxe: Renato Valone

Produtora: Aruac Filmes (Brasil)

Distribuidora: Mosaico Filmes

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Portugués

FILMOGRAFÍA

El aula vacía, 2015

Campo de jogo, 2015

Jards, 2013

Transeunte, 2010

Pachamama, 2008

Quimera, 2004 [curtametraxe]

Rocha que voa, 2002

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Mellor Documental),

Fénix 2016 (nominado ao mellor documental)

SINOPSE

Eryk Rocha, fillo do mítico cineasta Glauber Rocha, dirixe e escribe este documental sobre a xeración de directores brasileiros da década dos 50 e 60, a maior mutación cinematográfica de América Latina. Este ensaio cinematográfico explora con poesía o movemento a través do pensamento dos seus protagonistas: Nelson Pereira dos Santos, Glauber Rocha, Leon Hirszman, Joaquim Pedro de Andrade, Ruy Guerra, etc.

«Rocha esforzase por capturar o espírito e a sustancia dun movemento que varreu unha nación hai cinco décadas»

Sarah Ward. SCREENDAILY



“O filme é unha declaración de amor ao ‘Cinema novo’ do Brasil”

Como concibiu o guión dun filme como *Cinema novo*, que se basea na montaxe de filmes de arquivo? A primeira etapa da pesquisa consistiu en ver filmes do «Cinema novo», ler numerosos textos e falar con moitas persoas. Todo o que filmei é material xurdido das miñas investigacións. Ao inicio artellei un guión arredor dos grandes temas do filme: as orixes do movemento, a amizade entre os cineastas, os procesos creativos, as relacións internacionais deste movemento con outros da mesma época, a herdanza do «Cinema novo» hoxe e a súa inscrición no mundo actual. Fixemos unha primeira montaxe e debo confesar que o primeiro guión real xorde na propia montaxe.

No filme os fragmentos dos filmes non son identificados namentres que cada aparición dun cineasta se presenta cun subtítulo indicando nome e apelidos. Iso significa que para vostede os cineastas son máis importantes cós propio filmes, seguindo a lóxica da «política de autores»? Coido que a esencia do filme reside na vontade de capturar a enerxía creativa deste movemento a partir dunha multitude de fragmentos cinematográficos que establecen un diálogo entre si. Daquela, cada anaco acada un novo sentido que non tiña no filme ao que pertence. Coido que unha das forzas do «Cinema novo» é a integración dos filmes, os nexos que se establecen entre eles. Paréceme menos interesante identificar os fragmentos dos filmes co seu título ca mostrar como cada obra pode estar relacionada con outras. A partir de distintos extractos nace un novo corpo cinematográfico, estético e dramaturxico. Non se trata por tanto de explicar e identificar as obras do «Cinema novo», ese sería outro filme. Acó, o filme atópase narrado en primeira persoa polas propias palabras dos cineastas, non hai nin unha interpretación crítica nin un interlocutor contemporáneo. Coido que non se trata dun filme *sobre* senón *co* «Cinema novo».

O meu gran desexo era incorporar esta enerxía creativa ao movemento. A partir de aí creei un corpo autónomo que non procura nin explicar nin definir o movemento: non é un documental histórico nin didáctico. O filme é unha homenaxe, unha declaración de amor ao «Cinema novo» do Brasil.

Cal é a relación do cinema brasileiro contemporáneo co «Cinema novo»?

Interésame moito a noción do colectivo no cinema, coido que hai unha necesidade urxente de repensar o colectivo, non só no seo do cinema senón a nivel político, en Brasil e no mundo. O capitalismo desenvolve un sistema autodestruutivo no que apenas hai consciencia. Mais ao tempo penso que están a agromar embrións de cambios a partir da necesidade de reinventar os colectivos. Non existen na actualidade colectivos de cinema interesantes no Brasil e esa é unha das forzas do «Cinema novo» a transmitir aos novos cineastas: a forza do colectivo, do afecto, da política, de pensar unha linguaxe axeitada para a súa propia cultura. Esta relación entre forma e contido é indispensábel.

Co «Cinema novo» xorde unha nova gramática cinematográfica específica capaz de pensar o Brasil dos anos 60, país que se atopa na mudanza dun mundo rural ao urbano, experimentando fortes mutacións. No mundo actual, coido que o «Cinema novo» pode ser unha boa inspiración en diversos aspectos. Non tanto para reproducir os seus filmes pois cada época precisa das súas propias vías de expresión. Cómprenos atopar a forma cinematográfica axeitada para falar da nosa realidade complexa. O Brasil actual vive nestes momentos unha nova ruptura nos procesos democráticos ao igual ca acontecía nos anos 60 co golpe de estado militar. Se non coñecemos o noso propio pasado é difícil afrontar o futuro. Coido que o «Cinema novo» é o froito dun diálogo entre xeracións, abre camiños que explica o que somos actualmente. Antes deste movemento o cinema brasileiro de estudos limitábase a reproducir o cinema hollywoodense e é o «Cinema novo» quen fai saír as cámaras á rúa para apreixar a realidade social e económica do Brasil.

Publicado en www.mediapart.fr/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***La revolución es una ezteyka*, Glauber Rocha.**
Caja negra, 2015

***Cine documental en América Latina*, Paulo Antonio Paranaguá (ed.).** Cátedra, 2003

***Rupturas del 68 en el cine de América Latina*, Mariano Mestman.** Akal, 2016

***Pack Glauber Rocha*.** Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org